



## ***A cuadrilla pontevedresa 'Bertaña III', vencedora do XII Campionato Galego de caza de raposo***

Este domingo 28 de xaneiro tiña lugar nos Tecores das Sociedades de Cuntis e San Huberto, na provincia de Pontevedra, o XII Campionato Galego de caza de raposo, no que tomaban parte 14 cuadrillas clasificadas nos respectivos campionatos provinciais: 4 por Coruña, 3 por Lugo, 2 por Ourense e 5 por Pontevedra, mais o Campión da edición anterior.

A saída da proba dábase as 8.15h da mañá e, tras catro horas de cacería, tódolos equipos participantes chegaban ao control dentro do horario previsto, cobrando un total de 23 raposos. Ata 7 cuadrillas conseguiron capturar 2 raposos cada unha decidíndose a clasificación de éstas por sorteo; pero destacaron dúas pontevedresas: 'Rio Ulla' que conseguiu 3 raposos, e 'Bertaña III' que con 4 capturas se converteu na nova campiona galega.

Como dato engadido ó puramente deportivo, e dadas as últimas noticias publicadas sobre os campionatos de raposo, cabe destacar a presenza do presidente e un membro dunha asociación ecoloxista, que decidiron presenciar o desenvolvemento deste campionato.

Así, a clasificación final foi como segue:

### **Clasificación final**

Pos.	Cuadrilla	Provincia	Raposos
1º	BERTAÑA III	PO	4
2º	RIO ULLA	PO	3
3º	PASARELA	LU	2
4º	VILACHÁ	CO	2
5º	PENA DO LAGARTO	LU	2
6º	RODEIRO I	PO	2
7º	CINEXÉTICA MUXIANA	CO	2
8º	XESTAL	CO	2
9º	MIRALLOS	LU	2



Os gañadores da proba, a cuadrilla 'Bertaña III' de Pontevedra



Os subcampións, os tamén pontevedreses 'Río Ulla'



Vista da mesa presidencial



Vista xeral da comida de clausura da proba

**Gabinete de Comunicación**  
**FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA**  
[www.federaciongalegadecaza.com](http://www.federaciongalegadecaza.com)